

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2024/G005/000039.

Excma. Sra. D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión ordinaria da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no salón de comisións o vindeiro **mércores, día 25 de setembro de 2024, ás 10.00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

LICENZAS URBANÍSTICAS

1. LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUIR UNHA NAVE INDUSTRIAL NA PARCELA B6 DO PARQUE EMPRESARIAL DAS GÁNDARAS, RÚA RAMÓN MARÍA ALLER ULLOA, 37 (Exp. 2024/Y001/000077).

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

2. CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE EXECUCIÓN DO CEMITERIO DE MASCOTAS NA PARCELA ANEXA AO CEMITERIO MUNICIPAL DE SAN FROILÁN. EXP. REF. 2024-C002-000004.

FOMENTO

3. PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2023-2025 DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, ACTUALIZACIÓN DA ANUALIDADE 2024 PARA INCLUIR OS ALUMNOS TRABALLADORES DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO ARQUIVALUGO.

PERSOAL

4. PROPOSTA DE ATRIBUCIÓN TEMPORAL DE FUNCIÓNS COMO CONSERXE A UN FUNCIONARIO DURANTE A SITUACIÓN DE INCAPACIDAD LABORAL TEMPORAL DO TITULAR DO POSTO.

5. MODIFICACIÓN DO ACORDO 11/932 ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 20-12-2023 NO RELATIVO Á DESIGNACIÓN DOS

ACTAS E GOBERNO

JDR/nmf

Refª: ispac4330970541047357502.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-9-2024

MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE CELADORES/AS DE COLEXIO PÚBLICO PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE ORDINARIO (OEP 2018).

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL

IGUALDADE

6. PROPOSTA DE ENCARGO A EVISLUSA DA DIRECCIÓN FACULTATIVA E DE OBRA DEFINIDAS NO PROXECTO DE OBRA MENOR IDENTIFICADO CO TÍTULO: 'ADAPTACIÓN E RENOVACIÓN DE CATRO VIVENDAS MUNICIPAIS SITUADAS (...)'.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se lles comunicará aos membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que no caso de non poder asistir deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo ao abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ao Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ao Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ao disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola alcaldesa presidenta, dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.